

CONCELLO
DE VIGO



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

CARMAN

Javier Ariza

CONCELLO
DE VIGO



XANEIRO

VENRES 30

19:00h - Porta do Sol

CIRCO · CLOWN | FAMILIAR | 55 MINUTOS | CASTELÁN



Procedencia: Madrid

Ficha técnica e artística

Autoría: Javier Ariza
Dirección: Aitor Basauri
Intérprete: Javier Ariza
Adaptación: Rubén Río
Dramaturxia: Javier Ariza
Escenografía: Jairo Fuentes e David Cabezos
Deseño iluminación: Javier Ariza
Técnico iluminación: Miguel Pérez
Deseño vestuario: Elisa Sanz e Begoña Simón Blanco
Son: Miguel Pérez

Premios

Mellor espectáculo de rúa de Ciudad Rodrigo
Premio Panorama Circada Nosolocirco
Premio Panorama Circada Puça Espectacles
Premio MAE (Mellor espectáculo Mostra artes do sur)
Premio Alcides Moreno á obra máis divertida

Sinopse

Nun mundo onde impera a razón, só os soñadores sobreviven, e que mellor ca un valente idiota para soñar alto. CARMAN transforma a rúa e devólvea aos seus habitantes a través dun espectáculo único, onde un coche icónico, un Seat 600, adquire personalidade ata acabar realizando unha impresionante rutina que o levará a recuperar o posto na historia que nunca debería ter perdido.

CARMAN é unha comedia de rúa para un showman e un Seat 600, un divertido espectáculo para todos os públicos no que un coche icónico na mobilidade cobra vida e acabará por conducir sen condutor nunha rutina musical e circense que pode levarlos a Eurovisión.

PRESENTACIÓN
DA PROGRAMACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O MUNDO DO CIRCO

TROULA

CONCELLO
DE VIGO



XANEIRO

SÁBADO 31

19:00h - Rúa do Príncipe

Do Marco
á Porta do Sol

ARTE DE RÚA | TODOS OS PÚBLICOS | 60 MINUTOS | GALEGO

Elenco artístico

Dous zancudos

Malabarista

Monociclo

Unha pallasa en patíns Unha pallasa en miniciclo

Un pallaso animador con son

Unha charanga de 8 músicos

Autoría/Dirección:

Sergio Rodríguez Vázquez

Sinopse

Espectáculo itinerante no que este circo ambulante percorrerá as principais zonas da cidade, nunha interacción constante co público, xunto con música en directo, ritmo, cor e moita luz, cor e diversión!. Non te podes perder a estes personaxes que farán da rúa o seu escenario.



Procedencia: Galicia

PRESENTACIÓN
DA PROGRAMACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LOS YUGOSLAVOS

Producción Alternativa Contemporánea Off, S.L.

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

DOMINGO 1

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 90 MINUTOS | CASTELÁN | 12€

Procedencia: Madrid

Ficha técnica e artística

Texto e dirección: Juan Mayorga

Elenco: Luis Bermejo, Javier Gutiérrez, Marta Gómez e Alba Planas

Axudante de dirección: Ana Barceló

Axudante de dramaturxia en prácticas: Francisco Flecha Rodríguez

Diseño de escenografía e vestuario: Elisa Sanz (AAPEE)

Diseño de Iluminación: Juan Gómez-Cornejo (AAIV)

Música e Espazo Sonoro: Jaume Manresa

Taller de realización: Mambo Decorados

Movemento escénico: Marta Gómez Rodríguez

Producción: Teatro de La Abadía

Producción executiva: Sarah Reis

Axudante de produción: José Luis Sendarrubias y Gema Iglesias

Axudante de produción en prácticas: Mauricio Arjona

Fotografía: Javier Mantrana

Xerente en xira: Ana Guarnido

Administración en xira: Inés Gutiérrez y Arantza Izaguirre

Dirección técnica en xira: Íñigo Benítez

Distribución: Charo Fernández

Produtora en xira: Mónica Regueiro, Producciones Off

Sinopse

En *Los Yugoslavos* todo comeza cando un camareiro oe falar a un cliente e lle pide que fale coa súa esposa. Os personaxes protagonistas son dous homes que intercambian palabras e dúas mulleres que intercambian mapas. Ningún deles pisou aquel país que se chamaba Iugoslavia. O título alude a un lugar onde quizá se reúnan persoas que terían en común nacer nun lugar que xa non existe.

"Mi abuelo tenía un bar, y cada noche volvía contando historias que acababa de vivir con sus clientes. Supongo que ahí nació mi deseo de escribir esta obra. Los Yugoslavos trata de uno de los asuntos que con más insistencia me ocupan: lo que hacemos con las palabras y lo que las palabras hacen con nosotros. Hay muchas razones por las que, desde que la escribí, quería llevar a escena Los yugoslavos. La más importante: que sus personajes me importan."

CONCELLO
DE VIGO



BRAZALETES

Amorodio Teatro

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

VENRES 6

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO DOCUMENTO | ADULTO (+16) | 60 MINUTOS | GALEGO | 8€

ESTREA

Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Dirección: Santiago Cortegoso

Texto: Ernesto Is

Elenco: Javier Castiñeira

Iluminación: Violeta Martínez

Vestuario: Carmen García

Movemento escénico: Inés Santos

Deseño de pancarta: Carlota "Sororas"

Carteleira: Inés Sueiro

Comunicación: Cris Ramos (Oh la lá)

Informático: Ismael Castiñeira

Video: Einibó

Sinopse

28 de setembro de 1975. Vello Campos de Sport de El Sardinero.

O Racing de Santander recibe ao Elxe na cuarta xornada de liga. Dous xogadores do equipo local, Aitor Aguirre e Sergio Manzanera, saltan ao terreo de xogo cuns brazaletes negros sobre as mangas. Un xesto pequeno, cheo de compromiso, que desafía á ditadura do moribundo xeneral Franco.

Brazaletes reconstrúe a historia dos últimos fusilamentos do franquismo a través dunha mirada contemporánea e crítica sobre a complexa relación entre o fútbol e a política. Amorodio Teatro presenta un espectáculo que mestura documento e ficción, humor e traxedia, memoria íntima e colectiva, para reflexionar que o silencio nunca pode ser unha opción.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



30 ANIVERSARIO

Concerto de ROSA CEDRÓN

CONCELLO
DE VIGO




FEBREIRO

SÁBADO 7

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

MÚSICA GALEGA | TODOS OS PÚBLICOS | 90 MINUTOS | GALEGO | 10€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Voz e violonchelo: Rosa Cedrón

Violín: Javier Cedrón

Piano: Juanjo Fernández

Síntese

No marco da xira 30 aniversario, Rosa Cedrón presenta un concerto en formato trío, acompañada por Javier Cedrón (violín) e Juanjo Fernández (piano). A proposta percorre as diferentes etapas da súa traxectoria artística, combinando as cancións que xa forman parte da memoria colectiva con composicións propias máis íntimas, nun formato próximo, coidado e de gran intensidade emocional.

Ao longo de tres décadas, Rosa Cedrón levou a música galega por escenarios de todo o mundo, combinando a forza da tradición coa emoción da voz e do violonchelo. Dende a súa inesquecible etapa como voz de Luar na Lubre ata a súa consolidada traxectoria en solitario, Cedrón construíu un universo propio onde a raíz e a modernidade conviven con elegancia.

Nesta xira conmemorativa, a artista celebra trinta anos de música cun repertorio que percorre a súa traxectoria vital e creativa: dende os sons que marcaron unha xeración ata as súas composicións máis íntimas, nun formato que privilexia a proximidade, a emoción e a beleza atemporal da música galega.

Rosa Cedrón é unha vocalista, violonchelista e compositora galega. Entre 1997 e 2005 formou parte da formación folk-celta Luar na Lubre, colaborou con Mike Oldfield no seu Tubular Bells III e en varios directos. A súa carreira en solitario comeza coa publicación do disco "Entre dous mares" en marzo de 2007.

En novembro de 2010 presenta o álbum "Muller" coa pianista e gaiteira Cristina Pato compartindo escenario en múltiples ocasións formando o dúo Soas. En 2016 publica o seu segundo álbum en solitario "Nada que perder". En 2019 embárcase en "Leira" coa compañía Nova Galega de Danza, explorando novos horizontes. En 2021 presenta o seu terceiro traballo discográfico "Nómade" da man do compositor de bandas sonoras Sergio Moure de Oteiza.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



EL PROFESOR BROMERA

Cía. MeLaBuffa

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

DOMINGO 8

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO VISUAL CON MONICREQUES E BURBULLAS | + 3 ANOS | 55 MINUTOS | CASTELÁN | 5€



Procedencia: Cataluña

Ficha técnica e artística

Elenco/Actor-Manipulador:

Agustí Sanllehi Beltran (El Profesor Bromera)

Guión e dirección:

Eva María Jiménez García / Agustí Sanllehi Beltran (Cía MeLaBuffa)

Producción Executiva: CarolBC

Diseño e escenografía:

LaNenadelosClicks / La Torneria de Mura

Fotografía: MeneDiaz Photo

Video / Tráiler: S. Morris Produccions

Sinopse

Hai lugares onde o tempo parece deterse e o aire respira misterios.

Nun laboratorio bañado por unha luz suave e murmurios líquidos, un científico entrañable convidanos a descubrir os segredos dun mundo invisible, onde a auga xoga a ser forma e o xabón, cor.

Todo comeza cun conto que se desprega entre voces e monicreques, onde cada personaxe é un latexo de emoción e cada xesto, unha invitación a imaxinar.

Aos poucos, as fronteiras entre quen mira e quen crea disólvense, e o público mergúllase nun xogo colectivo onde a curiosidade abre camiños e cada resposta achéganos máis ao descubrimento.

E cando cremos que xa o vimos todo, a sorpresa estala no aire: círculos que bailan, figuras que non deberían existir, formas que desafían a gravidade e a lóxica.

Un poema visual suspendido que acende a mirada e empapa a alma de marabilla. Un espectáculo para deixarse levar, para redescubrir a fragilidade como forza, e para lembrar que o máis simple, ás veces, é o máis extraordinario.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



OH, MAMMI BLUE

Cinema Sticado

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

VENRES 20

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

MONÓLOGO CÓMICO | ADULTO (+16) | 75 MINUTOS | GALEGO | 8€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Dirección: Noemí Rodríguez

Dramaturxia: Noemí Rodríguez

Elenco: Helena Varela

Deseño de escenografía: Coti Faro

Deseño de iluminación: Laura Iturralde

Deseño de vestiario: As Dúas e Punto

Vídeos e espazo sonoro: Xosel Díez

Axudante de dirección: Darlene Rodríguez

Dirección de produción: Helena Varela

Técnicas en xira: As Dúas e Punto

Fotografía: Alberto Pequeño

Deseño gráfico e dirección de Arte: María Vilariño

Cartel: Nico Juárez

Sinopse

Oh, mammì blue comeza coas primeiras horas dun parto, as últimas dun embarazo e a sensación de que algo vai saír mal. A través dunha serie de incidentes e erros cos que a protagonista se compromete ata o final, assistiremos a un desenlace inesperado que cambiará a súa vida, e a dos que a rodean, para sempre.

A través dunha posta en escena innovadora e visualmente impactante, a peza achéganos un testemuño único e luminoso sobre a perda, o trauma, o amor e a supervivencia. *Oh, mammì blue* é unha obra irreverente, máxica, profunda e lúcida. Un monólogo trágico cargado de humor que desafiará as expectativas do espectador. Un relato fascinante no que se destapan tabús de xeito audaz e onde quedan reflectidas as dúbidas, a beleza, o terror e a culpa que acompañan a experiencia da maternidade. Unha obra cun dispositivo narrativo singularísimo que non deixará indiferente ao público.

Notas da autora

Este espectáculo está construído con historias que aconteceron e outras que non, coas inventadas, coas que xa ninguén lembra, con esas das que non se fala, porque as súas vimbias non son as palabras senón os xestos. *Oh, mammì blue* está feita de silencios, amnesias provocadas, e de fascinantes historias que se vencellan entre si.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



PARASIMPÁTICAS

Ainé

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

SÁBADO 21

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

COMEDIA | TODOS OS PÚBLICOS | 70 MINUTOS | GALEGO | 8€

Elenco artístico

Lucía Veiga
Marita Martínez
Javier Brandido

Sinopse

Dúas neuronas organizan unha Xunta Extraordinaria Neuronal para analizar o estado da materia gris galaica e estimular novas conexións galaico-simpáticas.

Cada punto da orde do día levará ás neuronas asistentes a percorrer lugares comúns do consciente colectivo, no que a versión galega sempre é moito mellor. Porque ser galego é un estado mental.

Neste novo espectáculo, Lucía Veiga e Marita Martínez exploran as realidades do galego valéndose do humor e de técnicas de improvisación.



Procedencia: Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO





Escena Miriñaque

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

DOMINGO 22

16:30 e 18:00 h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA-TEATRO | 2 - 8 ANOS | 35 MINUTOS +10 minutos de interacción co público | SEN TEXTO | 3€



Procedencia: Cantabria

Ficha técnica e artística

Dirección e coreografía: Lorena Fernández
Elenco: Ivana Heredia/Pablo Venero e María Canel
Deseño de iluminación: Víctor Lorenzo
Deseño de espazo sonoro: Pamela Cuenca
Deseño e realización de escenografía: La Mula Mola
Producción executiva: Noelia Fernández e Esther Velategui
Axudante de produción: David Murillo
Administración: Silvia del Castillo
Fotografía: Raquel Sánchez e Belén de Benito
Deseño gráfico: Estela Pardo
Comunicación: Elena Casquero
Distribución: Carlos M. Carbonell - CRÉMILLO

Premios e recomendacións

Premio Nacional de Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud 2024. Ministerio de Cultura.
Recomendado pola Rede Nacional, selo "R" pola Comisión de Teatro 2025 - Teatro para Niñas y Niños.
Recomendado no Catálogo 2024 de Camino Escena Norte.

Sinopse

tÁ é unha obra de danza-teatro onde o realismo máxico cobra vida nun bosque no cal se naturaliza o irreal ou estraño como algo

común. Os seus dous personaxes; peculiares, divertidos e sensibles desenvolverán unha relación de amizade baseada no crecemento emocional a través do xogo. Ao final do espectáculo convidarase ás nenas e aos nenos a penetrarse no bosque dunha forma moi especial... Bailando. É un espectáculo que utiliza o corpo e as onomatopeas co fin de pór en valor non só o que se di, senón o que se transmite. As nosas palabras e movementos cheos de variacións, dinámicas, vibracións e matices, penetrannos a un mundo cheo de emocións.

Sobre a compañía

O proxecto escénico iniciou a súa andaina como empresa no ano 2001. Cinco anos despois trasladouse á súa actual sede no centro de Santander. Desde entón, trabállase neste espazo que serve de lugar de residencia para a compañía e, ademais, é un centro de exhibición e formación. Desde ese momento a compañía oríntase cara á creación e divulgación de teatro contemporáneo, con dramaturxias propias, á vez que continúan investigando en posibles mestizaxes entre as diferentes linguaxes escénicas e as artes afíns. As súas creacións posúen unha liña conceptual e un selo de identidade propios onde o corpo, o espazo, a escenografía e a luz se fusionan e comparten protagonismo co texto. A compañía mantén un forte compromiso co público familiar, coidando de maneira específica as artes escénicas para a infancia. Na actualidade, forma parte de asociacións nacionais e internacionais específicas para a infancia e a mocidade, como TEVEO e SMALLSIZE. As súas producións distribúense en teatros alternativos e redes nacionais e foron recoñecidas con galardóns como os premios Max obtidos nos anos 2007 e 2013.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIAS DUN NENO LABREGO

CONCELLO
DE VIGO



Centro Dramático Galego e Contraproducións S.L.

FEBREIRO

VENRES 27

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

DRAMA | ADULTO (+10) | 100 MINUTOS | GALEGO | 10€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Autor: Xosé Neira Vilas

Elenco: Xulio Abonjo, Santi Romay, Ana Satos, Federico Pérez,
Mónica García, Manuel Cortés e Iris Darriba

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Cándido Pazó

Axudante dirección: Belén Pichel

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Deseño son: Xosé Lois Romero

Deseño iluminación: Afonso Castro

Vestuario: Martina Cambeiro

Música: Xosé Lois Romero

Sinopse

Un neno labrego galego dos anos 40. Miseria, ilusión, inxustiza, rebelión, derrota e esperanza: denominadores emocionais comúns a toda a paisaxe rural española daqueles duros anos. Un espectáculo que, falando doutros tempos, fala dunha condición aínda presente noutros espazos e outras formas. Unha homenaxe a todos os nenos campesiños do mundo: os que son, foron ou serán; os das aldeas da memoria e os dos sucos de asfalto; os expulsados da infancia; os refuxiados do medo; os que tiran pedras.

Espectáculo teatral sobre o libro de Xosé Neira Vilas, «Memorias dun neno Labrego»: En 1961 publicouse en Bos Aires un dos libros máis dominantes da literatura galega. O máis editado, lido e traducido. O que todos lembramos con ternura. O que todos asociamos con algunha vivencia propia ou herdada.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



VACANAL SINFÓNICA

De Vacas

CONCELLO
DE VIGO



FEBREIRO

SÁBADO 28

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

MÚSICA | ADULTO E XUVENIL | 90 MINUTOS | GALEGO | 12€

Procedencia: Galicia



Ficha técnica e artística

De Vacas: Inés Salgado, Faia Díaz, Paula Romero, Guillermo Fernández
Coro da Rá

Cuarteto de cordas: María José Pámpano, Macarena Montesinos,
Carmen Gallego, Elena Vázquez

Cuarteto de Ventos: Benxamin Otero, Claudia Carballo, Roberto
Rama, Pablo Pascual

Arranxos musicais: Lucas Rey

Deseño iluminación: As dúas e punto

Técnico de son: Manolo Dourado

Deseño escenografía: As dúas e punto

Deseño vestuario: As dúas e punto

Dirección de produción: Noa Díaz

Distribución: Kandengue Arts

Sinopse

Un novo espectáculo que conmemora o 10 aniversario do grupo
cunha revisión sinfónica dos seus grandes éxitos. Un sorprendente
achegamento da música orquestral ao universo vacún.

Do variado repertorio de De Vacas nace unha ópera en catro actos
que abarca cancións, letras e vivencias.

Baixo unha dirección de escena coidada, descóbrese un mundo
insólito que non por divertido e surrealista é menos serio e
esplendoroso.

Para esta efeméride presentan unha proposta musical de gran
formato con orquestra de luxo, creada para a ocasión, e un orfeón
de gran renome: o Coro da Rá. Unha ópera contemporánea que
repara a traxectoria musical de De Vacas.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



LUMIERO

La Menuda

MARZO

DOMINGO 1

12:30, 16:30 e 18:00h - Auditorio Municipal do Concello

ESPECTÁCULO MUSICAL E XESTUAL

PRIMEIRA INFANCIA
(+2 ANOS) E FAMILIAS

40 MINUTOS

SEN TEXTO

3€

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Cataluña



AFORO
SÚPER REDUCIDO
EN ESCENARIO

Todas as persoas, incluídos menores de calquera idade, pagarán entrada.

A organización recomenda no espazo de representación (escenario) só unha persoa adulta por neno/a ou grupos de nenos/s. O resto do público poderá sentarse de balde no patio de butacas, con visibilidade reducida, ata completar capacidade.

Ficha técnica e artística

Dirección artística: Faló García i Pellejà

Creación: Pere Hosta

Dirección escénica e coreografía: Anna Castells

Dirección musical e composición: María Cruz Millet e Faló García i Pellejà

Intérpretes:

Pere Hosta – Lumiero (pallaso)

Jana Noguera – Lumina (actriz e bailarina)

Faló García i Pellejà – Voz, guitarra e percusión

María Cruz Millet–Piano, saxo, acordeón e voz

Edgar Casellas – Violonchelo

Deseño de luces: Jan Verdú

Escenografía: Fanny Espinet e David Faüchs (Art Estudi)

Vestuario: Silvia Jou

Vídeo: Albert Blanch

Coprodución: Festival Temporada Alta e La Menuda

Distribución: Kandengue Arts

Sinopse

Lumiero é un espectáculo visual e musical pensado para a primeira infancia. O seu protagonista, Lumiero, vive rodeado de pequenas luces e sombras que cobran vida. Xunto á súa filla Lumina, exploran un mundo tenro onde os obxectos brillan e a música acompaña cada movemento. Sons creados con instrumentos, xoguets e dispositivos que constrúen unha atmosfera máxica e tranquila.

Lumiero é unha homenaxe á Luz, á Música, á imaxinación e ao bo humor: un espectáculo entrañable no que a luz xoga a ser un conto e o conto convértese en realidade. Benvidas e benvidos ao Universo Lumiero.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



MATRES

Cía. Campi

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

DOMINGO 8

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO, MONICREQUES | + 6 ANOS | 65 MINUTOS | CASTELÁN | 5€ | Día Internacional da Muller



Procedencia: Cataluña

Ficha técnica e artística

Autoría: Aitana Giralt, Cristina García, Erik Varea, Jordi Pedrós, Marc Espinosa

Dirección de escena: Rosa Díaz

Intérpretes: Aitana Giralt, Cristina García, Erik Varea, Jordi Pedrós

Esoenografía: Plancton Escena (Joan Pena, Elisabet Pané, Quimet Felis e María Aran)

Deseño iluminación e espazo sonoro: Marc Espinosa

Composición musical: Manuel Dabove

Voz canción: Clara Gispert

Animación e proxeccións: Laura Larios Ros, Quer Lloveras Fontelles

Espazo sonoro: Marc Espinosa

Vestuario: Rosa Solé

Confección Atrezzo Téxtil: Goretti Herrero

Premios

Premio da Crítica das Artes Escénicas de Cataluña 2025: Mellor espectáculo familiar

Premios FETEN 2025: Mellor autoría

Premio do Público: Mellor espectáculo da Mostra Igualada 2025

Sinopse

Un neno crece nun pequeno pobo rodeado de paxaros, de flores de macela e de tres mulleres, tres xeracións: a nai, a tía e a avoa. As tres nais de Jordi, o neno. Catro intérpretes ao servizo dunha historia que trata a maternidade e a morte, pero sobre todo a vida. Un relato sobre a perda da nai na infancia, onde as dificultades e o humor conviven con toda a naturalidade. Unha historia de amor, aventuras, superación e zapatillas voadoras.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



SEÑORES (UNHA COMEDIA MACHIRULA DE STE XEITO)

De Ste Xeito

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

VENRES 13 E SÁBADO 14

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 85 MINUTOS | GALEGO | 10€ | Día Internacional da Muller (8M)

ESTREA



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Señoras que actúan (por orde de intervención): Ana San Fernando, Nadia Doménech

Stephy Llaryora e Pepa Barreiro

Señor que deseña o espazo e o vestiario: Carlos Alonso

Señor que deseña a Luz: Jorge Ramos

Señora que deseña as coreografías: Stephy Llaryora

Señora que canta (BSO): Venga, Bea

Señor que canta e compón a letra e a música (BSO): Xabi Piñeiro

Señora e señor que fan as fotos: Tere Freira e Juan Ramilo

Señor xefe de produción: Steve Domínguez

Señor axudante de produción: Anxo Fernández

Señor que escribe e dirixe: Sergio Macías

Señoras e señores que colaboran neste proxecto: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Agadic, Subterfuge Records, Irene Prada, Asociación de Veciños Agarimo San Xoán Poulo, Sala Ártika, Vigo Arte e Danza, Angelly Ochoa

Sinopse

Cecilia, Celia e Lía son xemelgas trivitelinas e non poden ser máis distintas. Un día reciben a chamada de Carmen, a súa nai, para acudir á casa familiar de Cabo Home a pasar a noite de san Xoán.

Señores é unha comedia que fala de irmás, de nais e fillas e de noites máxicas. Señores é tamén unha comedia feminista onde hai mulleres que fan de homes que din o que deben facer as mulleres.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



IMPOSIBLE!?

Mago Rafa

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

DOMINGO 15

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

MAXIA FAMILIAR | FAMILIAR | 60 MINUTOS | GALEGO | 5€



Procedencia: Galicia

Descrición

Hai palabras que semellan ter só un significado... pero a maxia encárgase de demostrar que non sempre é así. A palabra Imposible pode soar a límite, a final do camiño. Mais tamén pode ser o comezo de algo marabilloso.

En “Imposible!?”, o Mago Rafa convida a toda a familia a descubrir que detrás de cada “non se pode” agochase unha sorpresa, un sorriso e, ás veces, un milagre.

A través de efectos visuais, humor e moita participación, nenos e maiores vivirán unha experiencia máxica onde o imposible se converte en posible... e o posible, en pura ilusión.

Un espectáculo para crer, imaxinar e lembrar que a maxia non está só nas mans do mago, senón tamén nos ollos de quen se atreve a soñar.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



ARTUR UI, O OVO DA SERPE

Talía Teatro

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

VENRES 20

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO | 90 MINUTOS | GALEGO | 10€

Ficha técnica e artística

Elenco: Xurxo Barcala, Toño Casais, Marta Lado, María Ordóñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo, Dani Trillo

Esoenografía: Dani Trillo

Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro

Iluminación: Dani Trillo

Creación audiovisual: Marcos Ptt

Música orixinal: Manu Abrales

Produción: Auri Ferreiro e Artur Trillo

Dramaturxia: Quico Cadaval e Diego Rey

Dirección: Quico Cadaval

Sinopse

Artur Ui, o ovo da Serpe é unha aposta por contar o momento actual a través da lente crítica e irónica do teatro épico.

Máis aló de ser unha homenaxe a un clásico do século XX, esta produción explora con profundidade crítica os mecanismos de poder, a natureza do autoritarismo e as súas manifestacións ao longo da historia, establecendo un paralelismo claro co momento actual no que o fascismo asoma novamente o focio fóra do ovo.



Procedencia: Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



REY LEAR

Compañía do Chapitô

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

SÁBADO 21

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO-COMEDIA | ADULTO (+13) | 80 MINUTOS | CASTELÁN | 10 €



Procedencia: Portugal

Ficha técnica e artística

Dirección: José C. García

Elenco: Carlos Pereira, Susana Nunes e Tiago Viegas

Asistencia de dirección/ producción: Leandro Araújo

Asistencia de movemento: María Radich

Dirección de producción: Tânia Melo Rodrigues

Paisaxe sonora: Rui Rebelo

Deseño de luz: Nuno Patinho

Operacións técnicas: Francisco Ornelas

Audiovisuais: Frederico Moreira, João Mendes, Simão Anahory

Deseño Gráfico: Silvio Rosado

Comunicación: Cristina Carvalho

Distribución: César Arias - MARMORE

Non se trata só de contar unha historia, trátase de habitala, desafiála, despregala en movementos que transforman corpos, voces e espazos en algo inestable, efémero, intencionadamente artificial.

O escenario, este territorio mutable, é o lugar onde os personaxes se disolven e recompóñen, onde os intérpretes se moven sen previo aviso entre capas de interpretación, expondo as profundidades do poder e a cobiza. Eles, os actores, son o corazón palpitante da obra, á vez múltiples e singulares, mentres levantan e destrúen o xogo escénico, revelando un espectáculo que trata tanto sobre O Rei Lear como sobre a esencia mesma de contar e reinventar unha historia.

Sinopse

Nesta versión minimalista do Rei Lear, tres intérpretes encarnan a todos os personaxes, movéndose nunha incesante acción de liberdade. A meta-teatro emerxe como a clave deste xogo, un mecanismo vital para resistir a traxedia.

CONCELLO
DE VIGO



CANTO CONTO!

Límiar Teatro

CONCELLO
DE VIGO



MARZO

DOMINGO 22

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO MUSICAL | FAMILIAR (+5) | 50 MINUTOS | GALEGO | 5€



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Elenco: Iván López e Brais Iriarte

Locución principal: Maika Aguado

Locucións adicionais: Laura Nogueiras, Iván Davila, Iván López, Lucía

Sánchez e Brais Iriarte.

Dramaturxia e dirección: Iván Davila e Brais Iriarte

Composición e produción musical: Brais Iriarte

Estudio de gravación das locucións: La Luthería

Espazo escénico e escenografía: Lucía Sánchez López

Iluminación e son en xira: Javi Quintana / Chucho González

Equipo de produción: Límiar Teatro e Crémilo

Deseño de cartel e deseño gráfico: Brais Iriarte e Lucía Sánchez

Sinopse

Canto conto! é un emocionante espectáculo que nos mergulla nunha viaxe chea de música, risas e sorpresas. Acompaña a dous recolletores de lixo na súa aventura polo fascinante mundo da

reciclaxe e a sustentabilidade. Espectáculo especialmente deseñado para o público máis novo!

Nesta historia, os nosos protagonistas exploran xeitos de reciclar, mostran os distintos tipos de contaminación existentes e propoñen solucións ante isto. Goza aprendendo a través de diversos xéneros musicais, desde o Rock and Roll ata o Rap, pasando pola Salsa ou o Funky. Pero, ollo, non só se trata de música, hai moito máis!

Exploraremos temas como a igualdade, a diversidade, o ecoloxismo e a importancia de traballar xuntos para acadar un futuro máis sostible. O mellor de todo é que ti, o noso querido público, serás parte activa desta viaxe. Rírás, cantarás, bailarás e aprenderás dunha maneira divertida e lúdica. En Canto conto! o xogo co público é fundamental.

Prepárate para unha experiencia única onde a música, o teatro, a manipulación de obxectos e o humor se combinan nun espectáculo versátil e adaptable a calquera espazo.

Únete a nós nesta emocionante travesía cara a un mundo máis ecolóxico e consciente!

Límiar teatro somos unha compañía galega creada en 2009 con 11 espectáculos producidos e máis de 400 representacións en España, Francia, Arxentina, Bolivia, Portugal, Uruguai e Brasil.

Límiar é o límite, a fronteira e por iso a compañía movémonos nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais. Pescudamos no límiar das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



LA DESCONQUISTA

Ron Lalá

ABRIL

VENRES 10

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO-COMEDIA | ADULTO (+14) | 80 MINUTOS | CASTELÁN | 12 €

CONCELLO
DE VIGO



Procedencia: Madrid

Ficha técnica e artística

Elenco: Juan Cañas, Miguel Magdalena, Diego Morales, Luis Retana, Daniel Rovalher
Creación colectiva: Ron Lalá
Dramaturxia e letras: Álvaro Tato
Composición e arranxos: Yayo Cáceres, Juan Cañas, Miguel Magdalena, Daniel Rovalher
Dirección: Yayo Cáceres
Dirección musical: Miguel Magdalena
Vestuario: Tatiana de Sarabia
Escenografía: Ron Lalá e Tatiana de Sarabia
Iluminación: Miguel Ángel Camacho
Xastería: Maribel RH
Fotografía e audiovisuais: David Ruiz
Redes: Ron Lalá
Prensa: María Díaz

Administración: Juan Cañas
Produción executiva: Martín Vaamonde
Deseño de produción: Ron Lalá, Emilia Yagüe

Sinopse

Finais do século XVI. A bordo dunha barca á deriva, tres náufragos reman para alcanzar as costas do Novo Mundo. O capitán Hernán Galán busca a gloria, o mariño Fulano busca o ouro, o misioneiro frei Pío busca almas para a fe. Os tres vivirán mil peripecias e desventuras en alta mar e en costas descoñecidas para descubrir que ninguén é quen di ser e nada é como parece. E descubriendo o Novo Mundo quizais se descubran a si mesmos...

La Desconquista é unha comedia burlesca, cómica e musical, baseada nas crónicas do Descubrimento. Unha viaxe disparatada aos soños e ambicións imperiais ao máis puro estilo de Ron Lalá: cinco actores-músicos, teatro en verso clásico á maneira do Século de Ouro, música en directo, ritmo desenfreado e, sobre todo, moitas gargalladas.

Unha festa escénica e musical que xira ao redor das ambicións, obsesións, medos e angustias do Imperio onde non se puña o sol, no seu afán de conquista e no seu pasmo ante a nova realidade dun continente aínda descoñecido. Unha visión mordaz e delirante con textos e música orixinais, humor vertixinoso, poesía escénica e un quinteto de comediantes inimitables.

Ron Lalá lánzase á Desconquista!



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



SABES QUE LAS FLORES DE PLÁSTICO NUNCA HAN VIVIDO, ¿VERDAD?

Tanttaka Teatroa

ABRIL

SÁBADO 11

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | ADULTO E XUVENIL | 90 MINUTOS | CASTELÁN | 10€

CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística

Autora: Mireia Gabilondo

Elenco: Mireia Gabilondo / Aitziber Garmendia / Telmo Irureta

Dirección: Mireia Gabilondo

Espazo escénico: Fernando Bernués

Vestuario: Ana Turrillas

Deseño de iluminación: David Bernués

Música: Mikel Laboa / Fernando Velázquez

Axudante de dirección: Laia Bernués

Técnica: Acrónica Producciones

Producción executiva: Ane Antofañanas

Producción: Paola Eguibar

Administración: Maite Gorrotxategi

Fotos: Bárbara Sánchez Palomero

Deseño de cartel: CDN (Emilio Lorente)

Distribución: Portal 71

Unha produción do Centro Dramático Nacional e Tanttaka Teatroa

*Agradecemento especial á familia de Mikel Laboa e a Fernando Velázquez.

Sinopse

PERSONAXES:

JOSÉ MANUEL: 37 anos. Psicoterapeuta de éxito con parálise cerebral.

LUCÍA: 35 anos. Sofre unha depresión por parálise emocional.

YOLDI: 35 anos. Coidadora de plantas con parálise intelectual.

MARTINA: 60 anos. Psiquiatra con parálise metafísica.

Hai TRES ACTORES (aínda que CATRO PERSONAXES) porque LUCÍA sofre de trastorno de identidade disociativa, máis coñecido como personalidade múltiple; polo que tamén temos que falar de YOLDI, o outro “eu” de LUCÍA, que, polo trauma que ten LUCÍA, creouse como unha muller con discapacidades intelectuais.



Procedencia: Euskadi

Hai outros dous personaxes, aínda que sexan Intelixencias Artificiais: ALEXA e ENMANUEL.

Tres persoas, ou catro, mellor dito:

LUCÍA ten unha depresión de cabalo que fai que viva unha experiencia vicaria a través de YOLDI, unha marabillosa moza con discapacidade intelectual. YOLDI coidará as plantas de JOSÉ MANUEL, prestixioso psicoterapeuta que por unha parálise cerebral, vese abocado a unha dependencia total. Só fala co seu psiquiatra dunha relación moi íntima que mantén con ALEXA, unha intelixencia artificial. MARTINA, psiquiatra, un pouco misántropa, que non pode máis. Non pode coa vida. Non é capaz de axudar á súa filla Lucía Vai tirar a toalla? Se cadra, si. Por suposto, ningún dos tres, perdón, catro, sabe nada do que lle sucede ao resto, nin das súas desilusións e nin dos seus segredos; pero hai algo innegable: que o mellor que lles pasou nesta vida foi coñecerse e que os seus camiños se cruzasen.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



CRISÁLIDA

Caramuxo Teatro

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

DOMINGO 12

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

TEATRO | +5 ANOS | 50 MINUTOS | GALEGO | 5 €



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Dirección: Olga Margallo

Elenco: Laura Sarasola, Josito Porto, Juan Rodríguez e Anahí Taraburelli

Monitores: Iker Pérez

Vestuario e escenografía: Diego Valeiras

Banda sonora: Tito Barbeiro

Máscaras: Antía Ferrer

Premios

Premio María Casares 2024 a mellor espectáculo para público familiar.

Sinopse

Crisálida é o espectáculo número 25 de Caramuxo Teatro, unha proposta para público familiar sen texto e con banda sonora orixinal onde a historia cóntase a través de máscaras, música, situacións e obxectos.

Crisálida é unha comedia que pon en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. Unha obra de teatro que homenaxea ao comercio de proximidade e ás tendas de toda a vida, espazos de convivencia e comunidade que son parte fundamental do noso patrimonio.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



BIO CONSTRUCCIÓN

Ibuprofeno Teatro

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

VENRES 17

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

CONTEMPORÁNEO | ADULTO | 80 MINUTOS | GALEGO | 8€

BIO CONSTRUCCIÓN

Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

En escena: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso.
Música en directo e deseño do espazo sonoro: Macarena Montesinos.
Texto: Santiago Cortegoso.
Dirección: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso.
Asistencia de dirección: Marcos PTT.
Auxiliar de dirección: Gloria Punzano.
Deseño do espazo escénico: Jose Perozo.
Deseño de vestuario: Laura Vidales.
Deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio.
Movemento escénico: Armando Martín.
Caracterización: Baia Fernández.
Imaxe: Diego Seixo.

Sinopse

Nunha aldea nun lugar remoto, hai unha parella que deixou o teatro (despois dunha crise creativa) para emprender, con toda a ilusión, o seu proxecto de vida: construír unha casa ecolóxica, feita coas súas propias mans. A súa gran creación. E así pasan trinta anos, toda unha vida traballando, lonxe do mundo, nun tempo sen final.

Entre o surrealismo e o absurdo, a peza pretende ser unha reflexión metafórica sobre o fracaso, a crise climática e ecolóxica, a inxusta do sistema inmobiliario, o amor, o teatro e a estupidez humana na sociedade contemporánea.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



BAGAXE

Arturo Cobas Cía.

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

SÁBADO 18

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

CLOWN | TODOS OS PÚBLICOS | 60 MINUTOS | GALEGO | 8 € | Día Mundial do Circo



Procedencia: Galicia



Ficha técnica e artística

Autoría: Arturo Cobas
Dirección: Marcos Petete
Intérpretes: Arturo Cobas e Natalia Outeiriño
Dramaturxia: Arturo Cobas, Natalia Outeiriño e Marcos Petete
Escenografía: As dúas en punto
Deseño iluminación: As dúas en punto
Técnico iluminación: Raúl García-Miraxe
Deseño vestuario: Meme
Son: Ignacio Muñoz

Premios

Premio Manu Lago do novo circo galego-Mellor espectáculo de Sala 2025

Sinopse

As emocións, vivencias, ilusións, experiencias, en definitiva, a bagaxe da humanidade, está gardada en 60 maletas, custodiadas por un pallaso e unha pallasa. Arturo Cobas "Nono" e Natalia Outeiro "Pajarito" únense para crear o espectáculo cómico das súas vidas, onde cada maleta contén unha sorpresa, unha historia, unha nova aventura por descubrir. Mais, que pode saír mal cando se trata dunha combinación tan explosiva como a de dous artistas coa súa propia bagaxe emocional? Seredes testemuña dunha viaxe única onde a comedia e a emoción se mesturan nunha explosión de creatividade... Pero, sempre haberá unha incerteza: que acontecerá cando abran a seguinte maleta?



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



TAVOLE

Zirko Txosko

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

DOMINGO 19

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

CIRCO | FAMILIAR | 50 MINUTOS | GALEGO | 5€ | Día Mundial do Circo

Ficha técnica e artística

Elenco: Aíriñe Azkue, Óscar Páez

Dirección: Aritza Rodríguez

Esoenografía: Jose Luis Canete

Vestuario: Estudio 14

Apoio na creación: Centro artístico ZAWP

Acompañamento na produción: Artaide

Sinopse

Levantarse co pé esquerdo significa que todo vai ir mellor... claro que peor é imposible.

Tavole é un espectáculo que xira arredor de dúas personaxes, un ritmo vertixinoso e un montón de mesas, que os levará a situacións tan cotiás como surrealistas onde aparece a acrobacia, as técnicas aéreas, a maxia e o humor. Moitas situacións cotiás da vida acontecen arredor dunha mesa, pero a velocidade do día a día, o ritmo de vida, o estrés, que non te deixa sentar a unha mesa a pensar e reflexionar, é aí cando as cousas máis sinxelas da vida pódense complicar, cousas como saír de casa sen roupa, ou que as mesas se rebelen!

Unha tola e divertida aventura para todos os públicos na que o circo aparece de forma disparatada, a acrobacia, o risco e a sorpresa están presentes, e onde o público será participe do xogo para que todo saia ben. Un show cercano, interactivo para o público e divertido no que xogarse a vida é a única opción.



Procedencia: Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVE ESPELLOS

Óscar Cobos Compañía de Danza

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

VENRES 24

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA | TODOS OS PÚBLICOS | 50 MINUTOS | GALEGO | 10 € | Día Internacional da Danza



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Produción: Oscar Cobos Cía de Danza

Idea orixinal: Oscar Cobos

Dirección escénica: Oscar Cobos

Coreografía: Oscar Cobos, Ari Vazquez

Intérpretes: Oscar Cobos, Ari Vazquez, Squío Carral

Espazo sonoro: Serxio Cobos, Ivan Costa, Miguel Tenorio, Mandol Covas.

Vestuario: Carolina Díguele

Espazo escénico: Oscar Cobos

Deseño de iluminación: A Lourensa

Son: Francisco Alvarellós

Distribución: Antía Barcia

recrean medos, desexos, fracasos, ausencias, acertos, alegrías e tristezas, onde a música que todos levamos dentro pode chegar a converterse nun ruído insoportable, onde un sorriso pode converterse en algo irrecoñecible, onde as liñas se deforman creando formas que soamente son posibles nun espazo-tempo ilimitado, onde un berro imposible deixa que o eu máis esencial se faga presente, despoñado de calquera imposición provinte do mundo da razón. É a liberdade absoluta que cada un de nós creamos nun mundo feito á nosa medida, onde procesamos as emocións e os recordos que experimentamos no universo do eu-consciente.

Sinopse

NOVE ESPELLOS é unha viaxe polo multiverso do eu-non-consciente, un espazo onde o todo e a nada son o mesmo, onde se



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



BENQUERER, FRAN SIEIRA BÁILALLE A CAAMAÑO&AMEIXEIRAS

Fran Sieira Compañía de Danza

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

SÁBADO 25

20:00h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA | ADULTO | 40 MINUTOS | GALEGO | 10 € | Día Internacional da Danza

Ficha técnica e artística

Autoría/coreografía: Fran Sieira

Dirección artística: Fran Sieira

Acompañamento de dirección: Colectivo VACAburra (Gena Baamonde)

Acompañamento de movemento: Colectivo VACAburra (Andrea Quintana)

Bailador: Fran Sieira

Música: Caamaño&Ameixeiras

Vestuario: Érica Oubiña

Deseño iluminación: Fidel Vázquez

Técnico de son: Isaac Millán

Técnico de luces: Fidel Vázquez

Sinopse

Benquerer, querer ben ou quererse ben son algúns dos termos nos que afonda o novo espectáculo de Fran Siera Compañía de Danza, o primeiro só de danza da compañía no que o propio Fran Sieira como intérprete está acompañado da música en directo do dúo Caamaño&Ameixeiras.

Desde un punto de vista case autobiográfico, a peza cuestiona que é quererse ben e formula algunhas preguntas: é posible benquerer a outras persoas se non nos queremos? Algunha vez antepoñemos benquerer ás outras, antes ca nós? Ata que punto a benquerenza é real se non vai acompañada de amor e respecto propio?

Desde as marxes e sempre con perspectiva de xénero esta nova proposta de Fran Sieira ofrece o resultado dun proceso creativo persoal e íntimo onde, a través do propio relato, convidanos a reflexionar sobre a importancia do autocoidado, o amor propio e o respecto a un mesmo.



Procedencia: Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



COA CABEZA NAS NUBES

Cía. SÕA

CONCELLO
DE VIGO



ABRIL

DOMINGO 26

18:00h - Auditorio Municipal do Concello

DANZA | +4 ANOS | 45 MINUTOS | GALEGO | 5 € | Día Internacional da Danza



Procedencia: Galicia

Ficha técnica e artística

Creación e interpretación: Martín Blanco e Carlota Rosón Rojo

Dirección: Martín Blanco e Carlota Rosón Rojo

Creación musical: Elba Souto

Iluminación: Violeta Martínez

Vestuario: Miriam Cartagena

Escenografía: Marcos Covelo

Fotografía: Sabela Eiriz

Produción: Cía SÕA

Distribución: Lilian Portela - Amarelo Distribución

Sinopse

Coa cabeza nas nubes é un espectáculo multidisciplinar que combina danza, clown e teatro físico para público familiar. En escena, dous personaxes conviven no mesmo espazo. Un deles, afogado polo traballo, tenta sobrevivir baixo unha morea de papeis. As tarefas non deixan de acumularse... non dá feito con todo o que hai que facer! A súa compañeira, en vez de botarlle unha man, interrompe constantemente e só pensa en xogar. Será posible que non atope tempo para xogar con ela? Un poucoíño? Un instante sequera? Entre ambos desátase unha divertida batalla chea de humor e acrobacias, onde se confrontan dúas visións da vida. Canto tempo lle dedicamos ao traballo? E ao xogo?. Estamos traballando demasiado? Queda aínda tempo para xogar? Un espectáculo cómico sobre o xogo no seu estado de máxima pureza e sobre o adulto que esqueceu que algunha vez atrás tamén xogou.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1. O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.

3. As portas de acceso abranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.


5. **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e cómputase por persoas, non por butacas ocupadas.

6. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.

7. A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

8. Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.

9. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.





VENDA DE ENTRADAS

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: **www.giglon.com**
- Na **Papelería Folder Progreso** (Rúa Progreso, 22, Vigo), en horario de **luns a venres de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:00 horas, e os sábados de 10:00 a 13:30 h.**
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo **no despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).

DESCONTOS PARA MOCIDADE

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público menor de 25 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio Municipal poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

ABONOS

(**Só en anticipada**, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio, **dispoñibles ata o 20 de marzo**):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.



Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida (PMR) que NON contan con butaca física; son espazos adaptados para aquelas persoas que acudan en cadeiras de rodas. Así mesmo, hai 4 butacas ao seu carón reservadas para os seus acompañantes** (de ser o caso).

No caso de adquirir entradas nesta modalidade **é importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a PMR).

As entradas adquiridas destinadas a PMR **sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**

Puntos de venda



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

CONCELLO
DE VIGO



INFORMACIÓN

Teléfonos desde Vigo: **010**

Desde móvil ou fóra de Vigo:

986 810 260

Horario:

De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.

Sábados - de 10:00 a 14:00 h.




 @Vigo_cultura

 vigocultura



010
Servizo de Atención Cidadá




www.vigo.org



CONCELLO
DE VIGO



Dep. Legat. VG-27-2026



Puntos de venda



giglon
.com



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR